

BANDO DA ALCALDÍA SOBRE DISTANCIAS MÍNIMAS QUE DEBEN GARDAR AS PLANTACIÓNNS FORESTAIS

As distancias mínimas que deben gardar as plantaciónns forestais, segundo o disposto no Anexo II da Lei 7/2012, do 28 de xuño, de montes de Galicia, son:

a) Con parcelas forestais	2 metros
b) Con terreos situados en solo rústico de especial protección agropecuaria	10 metros
c) Con zonas dedicadas a labradío, cultivo, prados ou pastos non clasificados de especial protección agropecuaria	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
d) Desde o límite do dominio público das vías (autoestradas, autovías, corredores, vías rápidas e estradas convencionais) ou do ferrocarril	4 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1, e 10 metros no resto de especies
e) Con pistas forestais principais	2 metros cando se empreguen as especies frondosas do anexo 1; no resto de especies, 4 metros en xeral
f) Desde a proxección do condutor máis externo, considerando a súa desviación máxima producida polo vento segundo a normativa aplicable a cada caso, da infraestrutura eléctrica	5 metros para todas as especies
g) Con canles fluviais de máis de 2 metros de largo	5 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 15 metros no resto de especies, contados desde o dominio público.
h) Con edificacións, vivendas illadas, urbanizacións, depósitos de lixo, parques e instalacións industriais situadas a menos de 400 metros do monte e fóra de solo urbano e de núcleo rural	15 metros cando se empreguen as especies de frondosas do anexo 1, e 30 metros no resto de especies
i) Con solo urbano, solo de núcleo rural e solo urbanizable delimitado	
j) Con cámpings, gasolineiras e industrias ou instalacións preexistentes en que se desenvolvan actividades perigosas consonte o establecido na Lei 1/1995, do 2 de xaneiro, de protección ambiental de Galicia, ou na súa normativa de desenvolvemento	25 metros para especies de frondosas do anexo 1, e 50 metros para o resto de especies

A realización de novas plantaciónns forestais ou a non adaptación das plantaciónns existentes sen gardar as distancias mínimas indicadas constitúe unha infracción administrativa, que poderá dar lugar, ademais da **obriga de reparar o dano causado, á tramitación do correspondente procedemento sancionador.**

O que se fai público para o coñecemento xeral.

Oroso, 30 de agosto de 2017

O alcalde-presidente,

